# A conquista de América

**Inclúe a Pregunta para desenvolver nº5: Conquista e colonización de América: leis de indias, revolución dos prezos**

2º Bach. - IES Mendiño – 2023/2024
Prof. Xoel Díaz Alonso

# O descubrimento de América



# O descubrimento de América

- **Cristovo Colón** tiña o proxecto de chegar ás Indias, pero navegando cara ao oeste, ao considerar que a Terra era esférica. Presentou a súa idea, sen éxito, a varios monarcas.



- Nese momento, os portugueses dominaban a ruta cara a India bordeando África, que estaba en exploración.

# O descubrimento de América

- O control portugués desta ruta xunto coas posibilidades de acceder a ouro e ao negocio das especias, fixeron aceptar aos **Reis Católicos** o proxecto de Colón.

- Unha vez finalizada a Guerra de Granada, os Reis Católicos e Colón firman un contrato, as **Capitulacións de Santa Fe**.



# O descubrimento de América



# O descubrimento de América

- Nas Capitulacións de Santa Fe acordouse que Colón sería nomeado **Almirante** das terras descubertas, gobernaríaas e tería poderes xudiciais. Tamén percibiría un décimo das mercadorías.

- A Coroa pasaría a ter a soberanía sobre os novos territorios descubertos.



# O descubrimento de América

- A expedición, conformada por tres navíos (**Pinta, Niña e Santa María**), partiu o 3 de agosto de 1492 do porto de Palos. Despois, Colón e os seus homer fixeron unha escala nas illas Canarias.



- Tras unha viaxe tensa, o **12 de outubro** alcanzouse terra na illa de Guanahaní, bautizada como San Salvador.

# O descubrimento de América



# O descubrimento de América



# O descubrimento de América

- Colón realizou tres viaxes máis, aínda que os seus **desencontros cos novos colonos e cos Reis Católicos** fixeron que perdera poder.

- En apenas vinte anos, a **conquista das Antillas** do mar Caribe estaba concluída, e iniciáronse expedicións no continente.



# O descubrimento de América




A conquista
de América

# A conquista de América

- As noticias da existencia de ouro no continente levou a plantexar diversas expedicións cara alí.

- A primeira foi liderada por **Hernán Cortés**, que en 1518 iniciou unha expedición cara ao territorio mexicano, onde se atopaba o **Imperio Azteca**, que estaba en expasión.



# A conquista de América



# A conquista de América



# A conquista de América



# A conquista de América

- A segunda gran expedición de conquista foi liderada por **Francisco Pizarro**, que en 1531 iniciou a toma do **Imperio Inca**, aproveitando unha guerra civil entre os fillos do emperador.



- Posteriormente fóronse conquistando **outros territorios** en Norteamérica e Sudamérica.

# A conquista de América








# A conquista de América



# A conquista de América





# Institucións de goberno e administración do Imperio

# Institucións e administración

- Castela pasou a controlar grandes territorios pola financiación da conquista e o control sobre comercio e migracións.

- Nas Indias asoptouse un **sistema institucional** similar ao de Castela, con ***municipios e cabildos*** a nivel local, ***gobernacións e vicerreinatos***, e ***Audiencias*** para aspectos xudiciais e de goberno.



# Institucións e administración






# Institucións e administración

- Desenvolveuse unha lexislación específica coñecida como **Leis de Indias**, que regulaban a vida política, económica e social.
- Nas ***Leis de Burgos*** de 1512 establécese que os indíxenas debían ser tratados dignamente, xa que eran libres e súbditos da Coroa, pero debían convertirse á relixión católica.



# Institucións e administración

- As denuncias polo incumprimento das normas e o maltrato aos indíxenas levaron a aprobar as ***Leis Novas*** en 1542. Estas intentaban mellorar as condicións de vida dos indios, protexidos pola Coroa, e prohibían a escravitude.



- Co paso do tempo, estas normas foron modificadas para adaptarse á realidade.



# A explotación dos recursos e dos nativos

# Explotación de recursos e nativos

- A evanxelización era, en teoría, tan importante coma a **explotación económica**, pero o ouro e a prata e a acupación de terras foron o principal obxectivo dos conquistadores.




- Os metais preciosos obtíñanse principalmente das **minas** de Potosí e Zacatecas, nos virreinatos de Perú e de Nueva España.

# Explotación de recursos e nativos

- As **minas** eran propiedade real, pero a Coroa cedía a súa explotación a particulares a cambio dun quinto de todos os metais extraídos. A man de obra sería indíxena.

- As **terras** foron repartidas entre os conquistadores, aos que se lles entregaba un terreo e un grupo de indios, que serían os traballadores.



# Explotación de recursos e nativos

- Aínda que a escravitude estaba prohibida, a Coroa admitiu **sistemas de traballo obrigatorio** en favor dos colonizadores, como eran a encomenda e a mita.




- A ***encomenda*** consistía en asignar un grupo de indíxenas a un colono ou "encomendeiro" para que traballaran a terra, a cambio de que os evanxelizara. Os abusos levaron á supresión deste sistema.

# Explotación de recursos e nativos

- O descenso da poboación indíxena obrigou a adoptar o sistema de ***estancias***, con traballadores asalariados e escravos negros.

- A ***mita***, de orixe inca, funcionaba en amplas zonas mineiras. Este sistema obrigaba aos indíxenas a traballar nas minas, acompañados habitualmente polas súas familias.





# Implicacións da conquista en España

# Implicacións da conquista en España

- A conquista do territorio americano tivo numerosas implicacións:
- Foi moi importante o **intercambio de cultivos** (destaca a chegada a Europa do millo, a pataca, o tabaco, o cacao...).
- Destaca sobre todo a chegada a Europa de moitas toneladas de **ouro e prata**.



# Implicacións da conquista en España

- Os intercambios estaban controlados pola Monarquía, que otorgou o monopolio do comercio americano ao porto de Sevilla.

- Alí creouse, en 1503, a **Casa de Contratación de Sevilla**, que controlaría o tráfico de persoas e mercadorías. Para garantir o control e evitar a piratería, creouse o sistema de **flotas**.



# Implicacións da conquista en España



# Implicacións da conquista en España



# Implicacións da conquista en España



# Implicacións da conquista en España



# Implicacións da conquista en España

- O aumento do metal en circulación foi moito máis rápido que o crecemento da oferta de produtos, polo que aumentaron os prezos, no que se coñece como **revolución dos prezos**.



- O **endebedamento** da Monarquía xerou que case todos os metais saísen axiña do país, empeorando a economía española.



# Ánimo co estudo!